

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 29 DE XUÑO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Decreto polo que se nomea director da Axencia de Turismo de Galicia a José Manuel Merelles Remy.

#### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Verín do treito da estrada OU-1021 Verín (N-525)-Arcucelos (OU-113), comprendido entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+536.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Fene dun treito antigo da estrada AC-133, xunto coa súa franxa de dominio público viario (DPV) e pasarela peonil existente sobre a liña do ferrocarril.

#### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

- Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2024.

#### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Decreto polo que se dispón que cese Susana Lenguas Gil como presidenta da entidade pública empresarial Portos de Galicia.
- Decreto polo que se nomea presidente da entidade pública empresarial Portos de Galicia a José Antonio Álvarez Vidal

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### ACORDOS

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións ao sector turístico para a promoción da dixitalización e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2023, polo importe dun millón cincocentos mil euros (1.5000.000 €).

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) para a contratación do servizo para a xestión Integral da planta de clasificación de envases lixeiros de Sogama (2023G-DTE-0003-SARA-SE), cun valor estimado de trinta e cinco millóns setenta e un mil catrocentos setenta e oito euros con sesenta céntimos (35.071.478,60 €) sen IVE, e un importe de licitación de vinte e dous millóns novecentos sesenta e sete mil cento vinte e cinco euros con sesenta e catro céntimos (22.967.125,64 €) con IVE.

#### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do Servizo de desenvolvemento evolutivo, soporte e mantemento de sistemas de información de apoio na xestión do Programa de desenvolvemento rural de Galicia, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader), por un orzamento de licitación, IVE incluído, de cinco millóns cento corenta e cinco mil trescentos euros (5.145.300,00 €) e un valor estimado de dez millóns douscentos cinco mil cincocentos cincuenta e tres euros con setenta e tres céntimos (10.205.553,73 €).

#### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Deputación Provincial da Coruña para subvencionar o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón durante o curso escolar 2023/24, por importe de catrocentos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Deputación Provincial da Coruña para subvencionar o funcionamento do centro de formación profesional Rosalía Mera durante o curso escolar 2023/24, por importe total de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 €).
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que deriva da orde de convocatoria de once bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2023, 2024 e 2025, por un importe total de douscentos sesenta e un mil trescentos sesenta euros (261.360,00 €).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de accesibilidade de competencia municipal, ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, de conformidade co Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento BS701B). Importe total: dous millóns cincuenta mil euros (2.050.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, para o desenvolvemento do programa Vacacións en paz 2023. Importe: cen mil euros (100.000,00 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o acordo de prórroga ao concerto asinado o 20 de abril de 2001, publicado pola Orde do 18 de xuño de 2001, subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.7.2023 ao 30.6.2024, por importe total de tres millóns setecentos setenta mil cincocentos vinte e catro euros con cincuenta e oito céntimos (3.770.524,58 €).
- Acordo polo que se autoriza o acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001, publicado pola Orde do 20 de decembro de 2001, subscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.7.2023 ao 30.6.2024, por importe de setenta e oito mil catrocentos oitenta euros con cincuenta e oito céntimos (78.480,58 €).
- Acordo polo que se autoriza o acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001, publicado pola Orde do 20 de decembro de 2001, subscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.7.2023 ao 30.6.2024, por importe de novecentos vinte e tres mil oitocentos oitenta e tres euros con sesenta céntimos (923.883,60 €).
- Acordo que se autoriza a contratación do servizo de mantemento integral e evolutivo dos equipos de alta tecnoloxía da marca Siemens, instalados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., por un importe total de licitación de catorce millóns oitocentos corenta e catro mil trescentos cincuenta e sete euros con cincuenta e cinco céntimos (14.844.357,55 €), IVE incluído, e un valor estimado de dezaoito millóns douscentos cincuenta mil trescentos vinte e un euros con corenta e catro céntimos (18.250.321,44 €) sen IVE.
- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de saúde comunitaria en atención primaria 2023-2027.
- Acordo polo que se aproban melloras retributivas ede traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, con base no Acordo da Mesa Sectorial do 20 de abril de 2023.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón da orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para apoiar iniciativas de emprendemento, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2023, por un importe de sete millóns de euros (7.000.000,00 €).

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera) e o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde), polo que se lle conceden subvencións autonómicas ao Inorde para a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun programa específico de identificación, restauración e promoción da xestión forestal activa e sustentable, durante os anos 2023 e 2024, por un importe total de cento oitenta e un mil euros (181.000,00 €).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de seguimento da execución de procesos selectivos e convocatoria de novas oposicións.
- Informe sobre o III Plan tecnolóxico da Administración de xustiza en Galicia. Senda 2025.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre as bonificacións no transporte público autonómico desde a implantación, no mes de setembro, do desconto adicional do 50 % no prezo do billete.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas do instrumento de recuperación temporal Next Generation (NGUE): agricultura de precisión, eficiencia enerxética e economía circular no sector agrario.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A XOSÉ MANUEL MERELLES REMY COMO NOVO DIRECTOR DE TURISMO DE GALICIA**

- Nado na Rúa (Ourense), é licenciado en Xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid
- Leva dende o ano 1991 traballando na Xunta, onde foi xefe de prensa na Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e en Sogama
- Desde xaneiro de 1999 ocupaba a Xefatura da Área de Comunicación da Axencia de Turismo de Galicia.

O Consello da Xunta nomeou hoxe como novo director da Axencia de Turismo de Galicia a Xosé Manuel Merelles Remy.

Nado na Rúa (Ourense), é licenciado en Xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid. Traballou en varios medios de comunicación ata chegar á Xunta de Galicia no ano 1991, onde foi redactor no gabinete de comunicación da Presidencia, así como xefe de prensa na Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e en Sogama.

Desde xaneiro de 1999 ocupaba a Xefatura da Área de Comunicación da Axencia de Turismo de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE FENE DA RÚA PABLO AREAS FEAL E DA PASARELA PEONIL SOBRE A LIÑA DO FERROCARRIL

- O Concello asumirá a titularidade destes tramos antigos da estrada AC-133 e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O departamento de Infraestruturas da Xunta mellorou a accesibilidade e rehabilitou a pasarela no ano 2017 cun investimento de 270.000 €
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Fene do treito antigo da estrada AC-133, xunto coa súa franxa de dominio público viario, incluíndo a pasarela peonil existente sobre a liña do ferrocarril, salvo a superficie da plataforma ferroviaria.

O departamento de Infraestruturas executou no ano 2017 o itinerario peonil e ciclista na AC-133, no Ramo, ao seu paso polo municipio cun investimento de 270.000 €. Trátase dun itinerario de 630 metros de lonxitude e 2,2 metros de ancho ao longo do treito antigo que deixa unha calzada de dous sentidos de circulación de 6 metros. Ademais, coa obra reparáronse as varandas da pasarela e repíntouse para protexela da oxidación.

O Concello de Fene solicitoulle á Xunta de Galicia a transferencia dese treito antigo da marxe dereita da AC-133 desde o punto quilométrico 2+030 ao 2+650, denominado rúa Pablo Areas Feal, en Barallobre. Ese treito non presenta continuidade ao estar cortado pola liña de ferrocarril, polo que carece de funcionalidade dentro da rede autonómica de estradas de Galicia.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade do treito antigo da AC-133 de 117 metros, con inicio no quilómetro 2+030, marxe dereita, e final na plataforma de ferrocarril da beira leste.

Ademais, na proposta formulada inclúese tamén o cambio de titularidade do segundo treito antigo da estrada AC-133, de 466 metros de lonxitude, con inicio na plataforma do ferrocarril, beira oeste, e final no quilómetro 2+650 da marxe dereita.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE VERÍN DO TREITO INICIAL DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA CO NÚCLEO DE ARCUCÉLOS**

- Transfírense ao Concello 536 metros do tramo urbano da vía OU-1021
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade, o Concello ourensán terá a competencia para actuar neste treito e asumirá a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Verín do treito inicial da estrada provincial OU-1021 que comunica co núcleo de Arcucelos.

O Concello de Verín solicitoulle á Deputación Provincial de Ourense a transferencia da titularidade dese tramo urbano da OU-1021. O Pleno da corporación provincial aceptou o cambio de titularidade proposto.

Vistos os informes emitidos polos servizos competentes, a Axencia Galega de Infraestruturas formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade do treito, de 536 metros de lonxitude, comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 0+536 da OU-1021.

A transferencia a prol do Concello de Verín tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.


Co cambio de titularidade, o Concello de Verín terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ADIANTA QUE GALICIA TERÁ COMO FESTIVOS PROPIOS O 17 DE MAIO E O 25 DE XULLO PARA O PRÓXIMO ANO 2024**

- A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos
- Dos 12 festivos de ámbito nacional, 9 son obrigatorios e só poden ser substituídos, cando coincidan en domingo, polo luns seguinte ou por outro día que lle sexa de interese á Comunidade Autónoma
- En 2024 prodúcese esta circunstancia o 8 de decembro, Inmaculada Concepción, que coincide en domingo, polo que Galicia propón cambiálo polo día das Letras Galegas, o 17 de maio
- Os tres días festivos de carácter opcional, é dicir que se poden substituír, non se adoitan cambiar en Galicia: Día de Reis; Xoves Santo; e, entre San Xosé ou o Día Nacional de Galicia, na Comunidade escóllese sempre o 25 de xullo como festivo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, deu conta hoxe do calendario laboral de Galicia para o próximo ano 2024 e do que adiantou que se fixan como festivos propios os días das Letras Galegas (17 de maio) e o Día Nacional de Galicia (25 de xullo), "que son os mesmos que determinamos este ano", lembrou.

Rueda explicou que a normativa estatal establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Segundo especificou, destes 14 festivos, dous son locais, ao ser elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, nove son de carácter obrigatorio e non substituíbles, a non ser que coincidan en domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (29 de marzo en 2024), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2024 hai un festivo nacional de carácter obrigatorio que coincide en domingo: o 8 de decembro (Inmaculada Concepción), que Galicia propón substituír polo 17 de maio, día das Letras Galegas.

O presidente da Xunta indicou que os outros tres festivos de carácter nacional son opcionais, "é dicir, as comunidades poden cambailos", precisou. Serían o 6 de xaneiro, que en Galicia nunca se cambia, "agás que coincida en domingo"; o Xoves Santo (que en 2024 se celebrará o 28 de marzo), que na Comunidade galega non se modifica de xeito tradicional; canto ao terceiro, dáselles a opción ás comunidades de escoller entre o 19 de marzo e o 25 de xullo. Na Comunidade galega sempre se elixe o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia, tal e como quedou establecido polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, as festas do calendario laboral para Galicia en 2024 que se determinan son: Aninovo, 1 de xaneiro; Epifanía do Señor (Día de Reis), 6 de xaneiro; Xoves Santo, 28 de marzo; Venres Santo, 29 de marzo; Festa do Traballo, 1 de maio; Día das Letras Galegas, 17 de maio; Día Nacional de Galicia, 25 de xullo; Asunción da Virxe, 15 de agosto; Festa Nacional de España, 12 de outubro; Todos os Santos, 1 de novembro; Día da Constitución Española, 6 de decembro; e Natividade do Señor, 25 de decembro.

Unha vez aprobados os festivos de carácter autonómico por parte do Consello da Xunta, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Ademais, levarase a cabo, por cada un dos concellos galegos, a determinación de dous días como propios da súa localidade. Non será necesario que o decreto autonómico estea publicado, só será necesaria a aprobación para que os concellos elixan os festivos locais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE JOSÉ ANTONIO ÁLVAREZ VIDAL COMO PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou na reunión celebrada hoxe o decreto que nomea a José Antonio Álvarez Vidal (Ferrol, 1961) como presidente de Portos de Galicia. É licenciado en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e completou a súa formación universitaria cun Máster en Recursos Humanos da Universidade Pontificia de Comillas.

Superou unha oposición da Comisión das Comunidades Europeas, sendo incluído entre os candidatos aptos para ocupar un emprego de Administrador Adxunto no ámbito do dereito, e é funcionario do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia, ocupando desde 1985 distintos postos na Administración pública galega.

Entre os cargos que desempeñou está o de xefe do servizo técnico xurídico e o de subdirector xeral de Coordinación Administrativa e Control Orzamentario da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas entre finais dos 80 e principios dos 90. Desde 1993 ata 1997 foi secretario xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e entre o 1997 e o 2000 exerceu de director xeral de Xustiza e Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

Entre o 2001 e o 2005 foi secretario xeral da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e nos anos seguintes ocupou distintos postos na Administración galega. Desde 2009 ata 2018 foi xefe territorial da Coruña das consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e da de Infraestruturas e Vivenda, pasando desde 2018 ata a actualidade a exercer o mesmo cargo na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. En paralelo, entre 1992 e 2013 ocupou distintos postos en diferentes empresas públicas e fundacións.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A POSTA EN MARCHA DAS AXUDAS PARA A PROMOCIÓN DA DIXITALIZACIÓN NO SECTOR TURÍSTICO POR IMPORTE DE 1,5 M€

- O obxectivo das axudas é promover o desenvolvemento tecnolóxico e o proceso de transformación dixital das empresas turísticas a través da incorporación de solucións dixitais coa finalidade de mellorar a súa competitividade, adaptándose ás novas necesidades e tendencias do sector turístico
- Na actualidade, a dixitalización é clave para garantir a competitividade e a sustentabilidade do sector turístico
- O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no DOG

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se toma razón da resolución que establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións ao sector turístico para a promoción da dixitalización, por un importe de 1,5 M€.

Estas axudas teñen por obxecto promover o desenvolvemento tecnolóxico e o proceso de transformación dixital das empresas turísticas a través da incorporación de solucións dixitais aos seus establecementos, servizos e procesos, coa finalidade de mellorar a súa competitividade, adaptándose ás novas necesidades e tendencias do sector turístico. O importe da subvención será do 80 % do investimento subvencionable. A axuda máxima será de 12.000 euros. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Na actualidade, a dixitalización é clave para garantir a competitividade e a sustentabilidade do sector turístico, polo que dixitalizar as empresas turísticas apoia que sexan máis accesibles mediante dispositivos e sistemas que lles permitan ser eficientes nos procesos de xestión. A clave da transformación tecnolóxica é, ademais da infraestrutura dixital, o acceso a tecnoloxías como a nube, a ciberseguriade, sistemas de intelixencia artificial e análise masiva de datos.

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións as persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos hoteleiros, campamentos de turismo, establecementos de turismo rural, apartamentos turísticos, vivendas turísticas e albergues turísticos; empresas de restauración (restaurantes, cafeterías e bares) e axencias de viaxes, que teñan o seu domicilio fiscal en Galicia e que teñan o establecemento inscrito e autorizado ou clasificado, conforme estableza a normativa turística, no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Considéranse gastos subvencionables aqueles en que incorrese a persoa solicitante entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro derivados da transformación dixital, da instalación de ferramentas de visualización, consulta e análise de datos, da implementación de motores de reserva; da incorporación de sistemas e metodoloxías para reforzar a seguridade dos datos. Tamén inclúe gastos derivados da creación do produto e/ou comercialización do destino Galicia e desenvolvemento das TIC na xestión, promoción e comercialización da oferta turística.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LICITARÁ POR 42,4 M€ A XESTIÓN INTEGRAL DA PLANTA DE CLASIFICACIÓN DE ENVASES DE SOGAMA CO RETO DE ACHEGARSE AO 85% DE MATERIAL RECUPERADO**

- O contrato inclúe a operación, limpeza e mantemento das instalacións, localizadas no complexo medioambiental de Cerceda e nas que se procesan e seleccionan para a súa reciclaxe os envases de plástico, latas e briks de máis do 91% dos concellos galegos, cunha entrada media de 29.800 toneladas anuais desde 2019
- Para seguir mellorando as actuais taxas de recuperación, a facturación do adjudicatario dependerá da cantidade que envíe aos centros recicladores e inclúe a obriga de facer unha serie de inversións para mellorar a eficiencia e renovar equipos
- Esta actuación enmárcase nos principios de economía circular da Lei de residuos e solos contaminados de Galicia e axudará a seguir avanzando cara ao cumprimento dos obxectivos da UE en materia de reciclaxe de residuos domésticos

O Consello da Xunta autorizou esta mañá licitar por 42,4 millóns de euros o contrato de xestión integral da planta de clasificación de envases lixeiros que ten Sogama en Cerceda, na que se procesan as latas, briks e envases de plástico procedentes dos contedores amarelos de máis do 91% dos concellos galegos.

O contrato –cunha duración inicial de 3 anos extensible ata os 5 e que prevé unha prórroga excepcional de 9 meses– abrangue desde a actividade operativa da propia planta, ata os labores de limpeza e mantemento diarios correspondentes, unha xestión integral coa que Sogama aspira a que nos vindeiros anos o material reciclado poida achegarse progresivamente ao 85% de todos os residuos potencialmente recuperables que entran nas instalacións dentro da bolsa amarela.

Deste xeito, daráselle continuidade á xestión que vén desenvolvendo a planta desde a súa posta en marcha en 1999 co obxectivo de seguir incrementando a taxa de envases lixeiros que se destina á reciclaxe, para o cal será imprescindible garantir un correcto estado e limpeza da infraestrutura así como acometer unha actualización do seu equipamento técnico para acadar niveis de funcionamento óptimos.

De feito, o importe máximo da licitación inclúe tanto a propia xestión dos residuos –cun prezo establecido en 329,12 euros por tonelada seleccionada, de forma que a facturación dependerá directamente da cantidade de envases que recupere o adjudicatario– como os investimentos a realizar pola empresa en actuacións destinadas a mellorar o rendemento e a eficiencia das instalacións de Cerceda (2,03 M€) así como na actualización e renovación dos equipos (1,32 M€).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre subliñar que nos últimos 4 anos, no marco do contrato de xestión vixente, a planta de clasificación de Sogama recibiu, de media anual, 29.800 toneladas de residuos da bolsa amarela. Unha vez dentro do complexo, procédese á separación mecánica en función das distintas tipoloxías de material (PET, PEAD, plástico mixto, briks, filme, aluminio e aceiro) para, posteriormente, remitir os envases recuperados aos correspondentes centros recicladores, onde se converten en novas materias primas e volven ao circuíto comercial, en liña cos principios da economía circular.

Neste mesmo período —2019-2022—, ao redor do 80% do material potencialmente reciclable que entrou na planta dentro da bolsa amarela acabou sendo derivado para a súa reciclaxe, un dato que con este novo contrato e coas condicións e investimentos previstos se aspira a mellorar durante os vindeiros anos ata acadar unha porcentaxe do 85% ou mesmo superior.

### **Aspectos técnicos e sociais**

En liña con este obxectivo de incremento das taxas de recuperación, entre os aspectos técnicos a valorar na licitación do contrato teranse en conta as actuacións innovadoras ou de dixitalización orientadas a aumentar o rendemento da instalación que propoñan os candidatos, así como a correcta implantación nas distintas fases da metodoloxía 5S, de orixe xaponés e cuxo obxectivo é configurar un espazo de traballo máis ordenado, limpo, organizado e seguro que redunde na mellora da eficiencia e da produtividade e no que tamén se consuman menos recursos e se xeren menos refugallos.

Igualmente, o adxudicatario deberá dar debido cumprimento á Autorización Ambiental Integrada de Sogama, na que se contemplan as esixencias ambientais na explotación das distintas instalacións que conforman o complexo medioambiental, as medidas de protección de solos, os niveis sonoros xerados e os niveis de calidade de cheiros.

Ademais, as 25 persoas que actualmente traballan nesta planta serán subrogadas conforme ao establecido no convenio colectivo de forma que pasarán a traballar para a nova empresa, que deberá respectar todos os seus dereitos laborais.

### **Máis de 2 décadas en servizo**

A planta de clasificación de envases de Sogama comezou a operar hai máis de 2 décadas, concretamente a finais do ano 1999, coa posta en marcha dunha experiencia piloto en Galicia para a recollida selectiva da bolsa amarela. Naquel momento, a meirande parte dos envases plásticos seleccionábanse manualmente, empregando como medios mecánicos campás aspiradoras para os plásticos filme; electroimáns para as latas de aceiro; e correntes de Foucault, para as latas de aluminio e os briks.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En 2008 a instalación foi automatizada, contando desde entón con lectores ópticos para a separación dos distintos tipos de plásticos. Nos últimos anos incorporáronse sucesivas melloras que permitiron tanto optimizar a separación dos distintos tipos de envases, chegando a separar ata 7 tipos de materiais para o seu envío a recicladores, como recuperar un maior volume de material.

Non obstante, cómpre lembrar que é a colaboración cidadá, a través do correcto uso do contedor amarelo para a recollida selectiva destes refugallos, o factor que condiciona en boa medida a porcentaxe final de reciclaxe acadada xa que canto mellor se separe en orixe, mellor será a calidade do material que chega a través da bolsa amarela.

Neste sentido, o obxectivo de Sogama é que as cantidades deste tipo de materiais recuperadas sigan crescendo en liña cos principios de economía circular da Lei de residuos e solos contaminados de Galicia e para avanzar cara ao cumprimento das metas de reciclaxe fixadas pola UE. A tal fin, resultará clave lograr unha maior eficiencia da infraestrutura localizada no complexo de Cerceda a través da innovación, a dixitalización e a metodoloxía de traballo, pero tamén cómpre incidir na necesidade de seguir apostando pola formación e a concienciación social sobre a recollida selectiva

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA EVOLUCIONA OS SISTEMAS DE INFORMACIÓN QUE XESTIONAN AS INICIATIVAS VINCULADAS AO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dun contrato por un importe de 5,1 millóns de euros para actualizar e mellorar as aplicacións e os sistemas informáticos que dan soporte aos proxectos financiados con fondos Feader
- Abranguen sistemas de xestión do eido da calidade e a innovación agroalimentarias, de axudas de melloras das explotacións agrarias, da prevención de incendios, de melloras e traballos forestais, da medida Leader, da concentración parcelaria ou dos procedementos de recuperación da terra agraria, entre outros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dun contrato que posibilitará a evolución, mellora e soporte dos sistemas de información con que se xestionan as iniciativas do Programa de desenvolvemento rural, financiados co Fondo de Desenvolvemento Rural (Feader). Estes sistemas garanten a rastrexabilidade na tramitación destes fondos, así como o rexistro, tramitación e notificación das diferentes actuacións administrativas que implican.

A disposición destes sistemas de información é unha das exixencias da Unión Europea que na Administración autonómica vén desenvolvendo a Axencia para a Modernización Tecnolóxica en colaboración coa Consellería do Medio Rural.

O contrato autorizado hoxe, que se publicará nos vindeiros días na Plataforma de contratos da Xunta de Galicia, prevé un orzamento de 5,1 millóns de euros ata 2025, que permitirán a mellora, mantemento e soporte dos sistemas que xestionan a contabilidade dos fondos agrícolas europeos que xestiona o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga); as axudas forestais e de prevención de incendios; os indicadores das axudas e proxectos Feader: os procesos de concentración parcelaria; as aplicacións de xestión de distintas axudas da Axencia Galega de Calidade Alimentaria; as melloras estruturais das explotacións agrarias; as axudas derivadas da aplicación da metodoloxía Leader e os procedementos vinculados á Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Para optimizar os diferentes desenvolvementos, o contrato está divido en tres lotes, que agrupan os sistemas que, pola súa natureza e implicacións tecnolóxicas, permitirán unha xestión máis eficiente ao reaproveitar códigos, módulos ou librarías.

O desenvolvemento destes sistemas é froito dun acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a dotación de tecnoloxías de información e comunicación no ámbito da medida 20 do

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

programa de Desenvolvemento rural de Galicia 2014-20, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O SOSTEMENTO DOS CENTROS DE ENSINO PUGA RAMÓN E ROSALÍA MERA**

O obxectivo é apoiar estes centros a través dun investimento de case 600.000 €

O Consello dá luz verde á renovación da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Deputación Provincial da Coruña para o cofinanciamento dos centros educativos Puga Ramón e Rosalía Mera para o vindeiro curso 2023/24.

En total achegaranse preto de 600.000 € para apoiar o servizo público educativo dos máis de 700 alumnos que están escolarizados nestes centros. O orzamento comprometido pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades destinarase a financiar durante o vindeiro curso parte dos gastos de persoal (docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministración, reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

O departamento educativo da Xunta de Galicia vén prestando o seu apoio á institución provincial para o soporte destes dous centros desde hai anos, de tal xeito que a renovación desta colaboración dá continuidade ao compromiso do Goberno galego con eles.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONVOCA 11 BOLSAS DE FORMACIÓN PARA AVANZAR NOS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN SOBRE O GALEGO DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO**

- As iniciativas incluídas na convocatoria xiran arredor da bibliografía informatizada da lingua, a terminoloxía científico-técnica e a literatura medieval, entre outros
- Os bolseiros realizarán a formación de decembro deste ano a novembro de 2025

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á convocatoria de 11 novas bolsas de formación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Cun investimento de 261.000 €, esta convocatoria enmárcase no compromiso do Goberno autonómico coa investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica sobre a lingua propia de Galicia, co fin de avanzar na súa normalización e promover o seu uso en todos os eidos profesionais e sociais.

Nesta ocasión, as bolsas permitirán que os investigadores afonden nos seguintes proxectos de investigación: Tesouro paleogalaico (TPGal), Corpus de referencia do galego actual (Corga), Corpus documentale Latinum Gallaeciae (Codolga), Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (Bilega), Terminoloxía científico-técnica, Informes de literatura, Recuperación de textos literarios e xornalísticos galegos, Lírica profana galego-portuguesa, BiRMED: Bibliografía de referencia do Arquivo Galicia Medieval, Dimensións da identidade colectiva de Galicia e legados literarios.

Con esta liña de axudas, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades busca fomentar a capacitación dos titulados universitarios, promovendo ao mesmo tempo o ensino, a cultura e a investigación en lingua galega. Poderán solicitar as axudas as persoas licenciadas ou graduadas universitarias nas titulacións exixidas no proxecto para o cal presenten a súa solicitude. Ademais, deberán acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, non puideron resultar beneficiarios/as dunha bolsa en concursos anteriores ou contratos do Centro Ramón Piñeiro e deberán posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 6,5 puntos.

As solicitudes serán avaliadas por unha comisión específica, que terá en conta os méritos acreditados documentalmente por cada un dos solicitantes, considerando especialmente a nota media do expediente académico, a súa formación complementaria, a presentación de comunicacións e congresos relacionados coa bolsa ou as publicacións relacionadas coa especialidade da investigación.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A data estimada de comezo será o 1 de decembro de 2023 e rematarán o 30 de novembro de 2025. Con todo, a data de incorporación ao centro establecerase na notificación de adxudicación da bolsa.

### **Investigación en humanidades**

O Centro Ramón Piñeiro é un organismo dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación e Universidades cuxa función é promover a formación e capacitación das persoas universitarias a través de convocatorias públicas para a investigación e o estudo de programas no ámbito das humanidades.

Actualmente, as súas liñas de traballo xiran arredor da lingüística aplicada, a literatura medieval, a recuperación de publicacións literarias ou a identidade colectiva, ademais de centrarse na dixitalización do coñecemento, co propósito de ofrecer recursos dixitais e ferramentas que permitan a súa compartición e acceso libre.

Desde a súa fundación, hai 26 anos, pasaron polo organismo máis de 500 investigadores ou bolseiros, que formaron parte dos diferentes proxectos de investigación impulsados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA UNHA NOVA ORDE DE AXUDAS DE MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS DESTINADA AOS CONCELLOS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A SUPRESIÓN DE BARREIRAS**

- Diríxese a concellos e mancomunidades que contén un censo máximo de 10.000 habitantes
- Subvencionarase ata o 80 % de actuacións en edificacións, instalacións, equipamentos ou espazos públicos, cun límite máximo de 48.400 euros por proxecto

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha orde de axudas dirixida a concellos para mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras en edificacións, instalacións, equipamentos ou espazos públicos. Esta nova liña de subvencións está dotada con máis de dous millóns de euros e diríxese a concellos e a mancomunidades que contén un censo máximo de 10.000 habitantes.

Subvencionarase un único proxecto por concello e o importe da axuda poderá ser de ata o 80 % do seu custo, cun límite máximo de 48.400 euros. A orde que hoxe sae adiante financiará actuacións que se executen desde o 1 de xaneiro ao 5 de decembro deste ano 2023.

Os concellos e mancomunidades poderán presentar as súas solicitudes a partir da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), que será o vindeiro mes de xullo. O 100 % dos fondos desta convocatoria son con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea a través do programa NextGenerationUE.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACHEGA 100.000 EUROS Á ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARUÍ PARA DESENVOLVER O PROGRAMA 'VACACIÓNS EN PAZ'**

- Con este programa axudarase a que 110 nenos de campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria) poidan pasar o verán cunha familia de acollida galega
- Evitarase que os nenos teñan que soportar temperaturas de máis de 50 graos
- Anticiparáselle o 100% dos fondos á entidade para que conte con liquidez

O Consello da Xunta ven de dar o visto e prace ao convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps) para desenvolver o programa *Vacacións en paz*. Esta iniciativa contará cun orzamento de 100.000 euros para que nenos saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria), poidan pasar os meses de verán acollidos por familias galegas.

O Goberno galego leva nove anos apoiando este proxecto para axudar a uns 110 nenos. A Administración autonómica consolida o financiamento e facilita que a entidade conte con liquidez para desenvolver o programa ao realizarlle un anticipo do 100% dos fondos.

Durante os dous meses que pasen cunha familia de acollida, poderase evitar que en plena época estival os nenos se encontren nun campamento de refuxiados, onde as temperaturas poden superar os 50 graos. A maiores disto, contarán con alternativas de lecer propias dos meses de verán e poderán familiarizarse coa cultura e linguas galega e castelá.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 4,7 MILLÓNS DE EUROS PARA A COLABORACIÓN ENTRE O SERGAS E AS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS**

- A renovación dos concertos véñse realizando periodicamente desde a súa sinatura no ano 2001
- Permite a utilización das institucións sanitarias para obxectivos docentes, asistenciais e de investigación

O Consello da Xunta autorizou a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo. A renovación desta colaboración coas tres universidades públicas galegas permite a utilización das institucións sanitarias para obxectivos docentes, asistenciais e de investigación. Esta colaboración –iniciada no 2001– conta cun orzamento global que ascende a 4.772.887 euros para o período dun ano, o segundo semestre de 2023 e o primeiro semestre de 2024.

Esta achega representa un dobre compromiso por parte da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. Por unha banda, cos seus profesionais, para que compatibilicen a actividade asistencial coa actividade docente e investigadora. Pola outra, representa o compromiso co alumnado, ao poñer á disposición do sistema universitario galego todos os seus recursos.

O orzamento dos concertos está destinado a financiar todo o custo de persoal derivado da dispoñibilidade para a docencia pregraduada, posgraduada e continuada dos profesionais e para o cumprimento dos acordos e obxectivos específicos adquiridos coa colaboración, como a formación do alumnado de ciencias da saúde, co obxectivo de conseguir os mellores profesionais do futuro.

Tamén se destina para que as ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde poidan ser utilizadas para a mellora constante da atención sanitaria.

Ademais, os concertos potencian a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades das universidades coas das institucións sanitarias, para unha mellor utilización dos recursos humanos.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVISTE 14,8 M€ NO SERVIZO DE MANTEMENTO DE EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA DO SERGAS

- O mantemento deste equipamento é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e dos profesionais que o utilizan e para alcanzar unha xestión óptima do mesmo
- Os equipos de alta tecnoloxía incluídos neste contrato son un total de 54

O Goberno galego autorizou a contratación do servizo de mantemento integral e evolutivo dos equipos de alta tecnoloxía da marca Siemens instalados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, por un importe de 14.844.357 euros, para un período de catro anos.

Dada a continua evolución das ferramentas de adquisición e procesamento de imaxe, así como os posibles problemas de ciberseguridade derivadas da non actualización periódica do hardware e software, no novo contrato esténdese a cobertura para os equipos con plataformas actualizables a un mantemento evolutivo. Esta modalidade de servizo técnico permite incorporar todos os desenvolvementos que se produzan ao longo da vixencia do contrato para os equipos cubertos. Deste modo, garántese contar, en todo momento, co equipamento plenamente actualizado ata a finalización do contrato. Prolóngase, así, a súa vida útil e posponse, por tanto, a necesidade de substitución.

Os equipos de alta tecnoloxía incluídos neste contrato son un total de 54 da marca Siemens das seguintes modalidades: resonancias magnéticas, equipos de tomografía axial computarizada, equipos de radioloxía intervencionista, equipos de cardioloxía intervencionista, equipos SPECT, equipos PET, equipos de radioloxía dixital e, en xeral, todas as modalidades de equipamento de alta tecnoloxía médica do citado fabricante que, polas súas especiais características, só poidan ser mantidas e actualizadas por el.

#### **Mantemento centralizado**

Desde o ano 2013, a contratación do mantemento do equipamento de alta tecnoloxía contrátase de forma centralizada, de maneira que existe unha grande homoxeneidade na xestión deste equipamento en toda a organización, o que facilita moito a planificación das actualizacións e renovacións e, en xeral, a xestión do ciclo de vida da alta tecnoloxía.

Sanidade remarca que o equipamento de alta tecnoloxía médica é considerado unha das variables clave que inflúen de forma decisiva na calidade do proceso asistencial. Trátase

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dun dos elementos fundamentais na cadea de diagnóstico e de terapia que posibilita unha correcta asistencia sanitaria en tempo e forma. Así pois, o mantemento deste equipamento é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e os profesionais que o utilizan.

Cómpre sinalar que, recentemente, o Goberno galego autorizou a contratación do servizo de mantemento integral e dos equipos de alta tecnoloxía e da evolución desta aparelaxe correspondentes ás marcas Philips e General Electric instalados nos centros dependentes da Consellería de Sanidade e do Sergas, por un importe de 13.316.049 e 9.429.714 euros, respectivamente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA GALEGA DE SAÚDE COMUNITARIA PARA REFORZAR AS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DA SAÚDE DESDE ATENCIÓN PRIMARIA

- Subliña que o Sergas leva anos impulsando estas medidas nas que sanitarios colaboran con entidades da contorna para “mellorar o control das patoloxías crónicas”, fomentar hábitos saudables ou “reducir o risco de enfermidades de transmisión sexual ou as adicións”
- Resalta que tamén se ampliará a formación sobre saúde comunitaria que reciben os sanitarios
- Explica que o Goberno autonómico vai investir máis de 1,4 millóns de euros nesta Estratexia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou a Estratexia galega de saúde comunitaria en Atención Primaria 2023-2027 co obxectivo de “reforzar as accións para mellorar a saúde desde Atención Primaria e incrementar a formación dos sanitarios neste eido”. O Executivo galego ten previsto investir 1.425.000 euros para o desenvolvemento desta Estratexia que está composta por 4 liñas estratéxicas, 13 obxectivos e 36 accións.

Rueda explicou que esta Estratexia enmárcase no traballo realizado desde hai anos pola Xunta para “impulsar accións de saúde comunitaria” en Galicia, é dicir, que os centros de saúde colaboren con entidades da súa contorna para “mellorar o control das patoloxías crónicas, fomentar bos hábitos alimenticios, a actividade física ou reducir o risco de enfermidades de transmisión sexual ou adicións”.

Ademais de potenciar estes proxectos de promoción da saúde, a estratexia tamén inclúe diferentes accións vinculadas co reforzo da docencia e a investigación en atención primaria para o ámbito da saúde comunitaria. Concretamente, prevese aumentar a oferta formativa relacionada coa saúde comunitaria que está dirixida aos profesionais de atención primaria e, especialmente, ao persoal residente en formación.

Así mesmo, promoverase a presentación de proxectos de investigación a convocatorias, reunións científicas e premios relacionados coa saúde comunitaria en atención primaria. Tamén se fomentará a publicación de proxectos e experiencias sobre intervencións comunitarias desenvolvidas desde os centros de saúde. Por último, organizarase anualmente unha xornada científica sobre a orientación comunitaria da atención primaria.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Prevese, así mesmo, a elaboración dun protocolo de prescrición social de activos comunitarios, a elaboración do programa galego de saúde escolar e o programa galego de prevención da fraxilidade.

Ademais, propóñense numerosas accións de comunicación para colectivos específicos e para a poboación en xeral. Inclúense accións específicas relacionadas coa evolución dos sistemas tecnolóxicos para facilitar o traballo comunitario desde os centros de saúde.

Con esta estratexia preténdese, por un lado, facilitar o deseño e a implementación de intervencións comunitarias aos profesionais de primaria que se inicien neste ámbito, e por outro, impulsar as que xa se viñan realizando. Todo iso co obxecto de influír positivamente no estilo de vida e nos determinantes sociais da cidadanía galega.

Sanidade remarca que as actividades comunitarias realizadas nun determinado territorio coa participación da súa poboación, promovendo a mellora no estado de saúde da mesma, incrementan a súa calidade de vida e o seu benestar e mesmo potencian a capacidade das persoas e grupos para a abordaxe dos seus propios problemas e demandas ou necesidades.

### **Liñas estratéxicas**

A primeira das liñas estratéxicas recollidas neste documento é reforzar a estrutura organizativa da saúde comunitaria, implementando as medidas organizativas necesarias para promover a orientación comunitaria dentro da actividade habitual da atención primaria. A segunda das liñas é facilitar ferramentas e recursos para a atención comunitaria.

A terceira liña céntrase en desenvolver os tres niveis de orientación comunitaria (educación sanitaria do paciente, dun grupo de pacientes e da poboación en xeral) cun enfoque de equidade.

En cuarto lugar, téntase impulsar a innovación e o coñecemento en saúde comunitaria, favorecendo a investigación e difusión de resultados para a súa mellora continua.

Sanidade subliña que a orientación comunitaria da atención primaria trae consigo un cambio de paradigma que supón a evolución dunha atención sanitaria centrada na enfermidade a outra centrada nas persoas e no seu contexto social. Así, moitos dos problemas de saúde que afectan a poboación teñen a súa orixe nos determinantes sociais e fronte a eles o máis efectivo é unha abordaxe intersectorial e multidisciplinar, a través de intervencións comunitarias que teñen un alto impacto sanitario e social.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Inclusión de todas as categorías de primaria na atención comunitaria**

Con esta nova estratexia, Sanidade pretende potenciar, na actual carteira de servizos de primaria, a atención comunitaria a través da inclusión e desenvolvemento de actividades que teñan demostrado a súa efectividade. Tamén quere incluír a atención comunitaria na carteira de servizos e actuacións de todas as categorías profesionais que conforman os equipos do primeiro nivel asistencial.

Preténdese promover cambios na organización e metodoloxía de traballo dos equipos de primaria que propicien e consoliden o desenvolvemento da atención comunitaria, integrando estas actuacións nos acordos de xestión clínica.

Para tal efecto, o Executivo galego creará un equipo técnico e asesor que dinamice e facilite a atención comunitaria en primaria e que apoie os profesionais na elaboración, execución e avaliación de proxectos, e no cal se integre persoal directivo das áreas sanitarias.

Elaborarase unha guía metodolóxica que sirva como referencia para todos os profesionais que desexen realizar ou deseñar unha actividade comunitaria. Así mesmo, incluirase un módulo dentro da historia clínica electrónica dos pacientes onde se rexistren este tipo de actividades, o que facilitará a súa implementación, seguimento e avaliación.

Ademais, tal e como resaltou Rueda, “vaise definir un mapa de recursos sociocomunitarios de cada zona básica de saúde, permanentemente actualizado” e que deberá estar dispoñible para os profesionais (dentro da historia clínica electrónica) e para a cidadanía (lugares onde se pode realizar actividade física, asociacións de pacientes, asociacións de veciños, grupos de axuda, entidades sen ánimo de lucro, etc.).

Tamén se integrarán as actividades comunitarias na axenda dos profesionais que conforman os equipos de primaria con tempo suficiente tanto para desenvolverlas como para a súa programación, preparación, coordinación e avaliación.

O departamento sanitario galego desenvolverá un plan de formación continuada para todos os profesionais de primaria co obxectivo de fomentar o traballo en equipo, a orientación comunitaria e a abordaxe multidisciplinar no proceso saúde-enfermidade nos centros de saúde.

### **Actuación prioritaria**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A saúde comunitaria é unha liña de traballo prioritaria da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, como xa se reflectiu no Plan galego de atención primaria 2019-2021, no cal se recollía o obxectivo de implantar a acción comunitaria como unha actividade normalizada nos centros de saúde. No documento estratéxico «Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde» púxose de manifesto a necesidade de reforzar o actual modelo de saúde comunitaria desenvolvido na atención primaria a través dos plans locais de saúde.

Os plans locais son instrumentos de xestión estratéxica adaptados ás necesidades e características de cada territorio e permitirán adaptar o modelo de saúde comunitaria proposto nesta estratexia a cada servizo de atención primaria de maneira individualizada.

Na actualidade o Sergas conta con 43 servizos de atención primaria con plan local de saúde, os cales viron incrementada a actividade que realizan fóra das paredes do centro de saúde de maneira significativa. Para o vindeiro ano está previsto dotar dun plan local de saúde o 50 % dos servizos de primaria, co obxectivo de continuar a súa extensión de forma progresiva ata acadar o 100 % a medio-longo prazo.

Cómpre sinalar que, no ámbito da saúde pública, o plan máis relevante e con influencia directa sobre a orientación en saúde comunitaria da atención primaria é o Plan de acción para a prevención do sobrepeso e a obesidade en Galicia 2022-2030 (Obesidade Zero).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPLANTA AS MELLORAS LABORAIS PARA OS PROFESIONAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE ACORDADAS POR UNANIMIDADE COAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS**

- Establécense incrementos retributivos que inciden no prezo/hora das gardas de presenza física e localizadas, nos módulos das datas de especial significación (24 e 31 de decembro), nos complementos de turnicidade, así como tamén a redución paulatina da xornada laboral
- As melloras laborais abranguen aos máis de 43.000 profesionais que desempeñan o seu labor no Servizo Galego de Saúde, incluído o persoal residente en formación, e entrarán en vigor desde o mes de xullo

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o acordo polo que se implantan numerosas melloras retributivas e de xornada destinadas a todo o persoal do Servizo Galego de Saúde, no que atinxe ao prezo das gardas de presenza física e localizada, a atención continuada do persoal de enfermería e o resto de persoal sanitario e non sanitario. O acordo tamén recolle melloras na redución de xornada para todo o persoal, a ampliación do cobro de módulos das datas de especial significación (24 e 31 de decembro), e os complementos de turnicidade e tardes en atención primaria.

Tras o acordo acadado o pasado mes de abril por unanimidade coas organizacións sindicais na Mesa sectorial, o Executivo galego aproba e acorda para publicación no Diario Oficial de Galicia a regulación normativa dunhas melloras que abranguen aos máis de 43.000 profesionais que desempeñan o seu labor no Servizo Galego de Saúde e que entrarán en vigor neste mesmo xullo.

As novas remuneracións vencelladas aos horarios especiais situarán aos salarios do Sergas en atención continuada e gardas por riba da media do resto de comunidades autónomas.

Entre outras medidas, no referido aos incrementos do valor/hora das gardas do persoal facultativo, distínguense catro grandes ámbitos: o valor das gardas de presenza física, o prezo das gardas realizadas os domingos e festivos, o valor das gardas localizadas, e; finalmente, o prezo das gardas de presenza física prestadas a partir dun número igual ou superior ás 5 ao mes.

En concreto, desde o vindeiro 1 de xullo as gardas de presenza física realizadas polo persoal facultativo en día laborable pasará dos 25,95 euros/hora actuais aos 27 euros, e desde o 1 de xaneiro de 2024 acadarán un valor de 28 euros/hora.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que atinxe ás gardas de presenza física que se realicen os domingos e festivos o prezo/hora terá unha suba dos 25,95 euros/hora actuais, ata os 30 euros que acadarán o 1 de xaneiro de 2024.

No caso das gardas localizadas, que ata o de agora se remuneraban con 13 euros/hora, pasarán a ter un valor o vindeiro mes de 13,50 euros, e ascenderá ata os 14 euros/hora co inicio do vindeiro ano.

Tamén se producirá un incremento do valor da hora da quinta garda -e sucesivas- que realice o persoal facultativo especialista nun mes, pasando do 26 euros actuais ata un valor total de 37 euros/hora, nas gardas de presenza física e a partir do primeiro día do ano 2024.

A mellora das condicións laborais e organizativas abrangue á totalidade do persoal sanitario e non sanitario do Sergas, con subas do 7,9% en conceptos de gardas laborables e nocturnidade. Así mesmo, no caso das gardas festivas e conceptos ligados á festividade e a quenda do venres-noite, terá lugar un incremento do 15,61% sobre o seu valor actual.

O persoal de enfermería dos PAC e de garda nas urxencias extrahospitalarias, xunto co persoal non facultativo do Sergas (celadores, auxiliares, persoal de xestión, etc...) verán tamén incrementado o seu prezo/hora de acordo a estas porcentaxes. Así mesmo, o persoal residente en formación verá incrementado nun 7'9% o valor actual do prezo das súas gardas.

### **Datas de especial significación e redución de xornada**

Desde xaneiro de 2024, tamén se estenderá a diferentes colectivos a retribución adicional no caso das xornadas de especial significación (24 e 31 de decembro). Así, terán un valor de 140 euros no caso do persoal licenciado sanitario; de 94,72 euros para o persoal non facultativo A1; 86,62 euros para o persoal de enfermería, matró/a, fisioterapeutas e traballadores sociais de Primaria; 93,71 euros para o persoal residente en formación licenciado; e 66,14 euros para o persoal residente en formación diplomado.

No que se refire á redución de xornada, establécese unha progresiva redución ata un máximo de 112 horas, para os anos 2023 (21 horas), 2024 (49 horas) e 2025 (42 horas). Esta medida aplicarase fundamentalmente ao persoal que traballa a quendas, de cara a establecer unha adecuación á establecida na maior parte dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde. Sobre este particular, a redución do persoal que realiza

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

quendas conleva a dotación de 1.393 prazas, das que 560 son de enfermería nos anos de vixencia.

Do mesmo xeito, increméntase o complemento de turnicidade en quendas rotatorias e de tarde e outórgase unha consideración especial ao traballo na noite do venres. No ámbito da atención primaria, e polas dificultades de cobertura das quendas de tarde e desprazable, prevese un complemento retributivo polo traballo nas mesmas.

Trátase dun importante avance nas condicións laborais e retributivas do persoal que presta servizos nas sanidade pública galega, situando aos profesionais de Galicia nas comunidades con mellores condicións laborais do Sistema Nacional de Saúde, sendo un recoñecemento ao labor e o esforzo realizado durante a pandemia.

As melloras acordadas contan co respaldo unánime das organización sindicais, o que amosa o clima de diálogo constante e a participación da Administración cos representantes de todo o persoal.

Deste xeito, de seguido, ditaranse instrucións para a aplicación da xornada laboral reducida xa dende o mes de xullo e demais medidas retributivas que serán de inmediata aplicación.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA SEGUIRÁ A APOIAR O EMPRENDEMENTO NO TRABALLO AUTÓNOMO, NAS PEMES E NA ECONOMÍA SOCIAL, CON ACHEGAS DE ATA 30.000 € PARA OS SEUS INVESTIMENTOS

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade revalida esta convocatoria estreada o ano pasado e que contará en 2023 cun orzamento de 7M €
- Entre outros aspectos, a Administración autonómica outorgará axudas para cubrir investimentos en equipamento informático, eficiencia enerxética, reformas de locais ou de mobiliario, entre outros, realizados desde o pasado 5 de novembro

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade activará, por segundo ano consecutivo, a liña de apoios ao emprendemento, para axudar cos investimentos desenvolvidos polas iniciativas empresariais máis recentes e contribuír a mellorar a súa competitividade.

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe a esta iniciativa, que contará cun orzamento de 7 millóns de euros e da cal se poderán beneficiar pemes, persoas traballadoras autónomas, sociedades cooperativas e laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego que iniciasen a súa actividade desde o 1 de xaneiro de 2021 (ou máis tarde) e permanezan en activo.

Outorgaranse axudas para financiar investimentos realizados polas entidades entre o 5 de novembro de 2022 ata a data da solicitude. Cubriranse, deste xeito, investimentos xa realizados (debidamente xustificados mediante factura) en equipamento informático, melloras da eficiencia enerxética, adquisición de mobiliario, reforma e/ou habilitación de locais ou adquisición de equipos de segunda man para o negocio, entre outros.

Os pagamentos variarán en función da intensidade do investimento realizado. Irán así, como na anterior convocatoria, dun mínimo de 3.000 euros para o mínimo investimento financiable (de 5.000 euros) ata os 30.000 euros para o máximo (100.000 euros).

Entre outros requisitos, as bases establecerán que os potenciais beneficiarios teñan domicilio fiscal en Galicia, teñan formalizada a súa actividade no correspondente rexistro ou estean ao día na presentación de contas anuais e das súas obrigas tributarias.

Con esta política a Xunta mantén intacto o seu compromiso co impulso das iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica e competitividade e ao mantemento de empregos de calidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORARÁ CO INORDE NA IDENTIFICACIÓN, RESTAURACIÓN E PROMOCIÓN DAS FRONDOSAS EN XERAL E DO CASTIÑEIRO EN PARTICULAR A TRAVÉS DO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO AGROFORESTAL DE RIÓS**

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio dotado con 181.000 euros entre a Consellería do Medio Rural e o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde) para impulsar o Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós
- Recóllese a vixilancia e loita contra as doenzas do castiñeiro e de masas de frondosas autóctonas de especial interese, accións formativas, o impulso á boa gobernanza, a organización dun foro participativo e o apoio ao Proxecto tecnolóxico para a valorización destas masas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde) para impulsar o Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós. O obxectivo é apoiar o desenvolvemento, por parte deste centro, dun Programa específico de identificación, restauración e promoción da xestión forestal activa e sustentable das frondosas autóctonas en xeral e do castiñeiro en particular, durante os anos 2023 e 2024, por un importe total de 181.000 euros.

As actuacións que se recollen no marco do convenio son a vixilancia e loita contra as doenzas do castiñeiro e de masas de frondosas autóctonas de especial interese, a realización de accións formativas e informativas, o impulso á boa gobernanza, a organización dun foro participativo e o apoio ao Proxecto tecnolóxico para a valorización das masas de frondosas caducifolias.

Con respecto á vixilancia e loita contra as doenzas do castiñeiro e de masas de frondosas autóctonas de especial interese, trátase de potenciar a loita biolóxica contra enfermidades coma o cancro e a avespiña do castiñeiro. Ademais, en canto á sanidade de frondosas autóctonas, o centro de Riós será un punto de recepción de avisos de pragas e doenzas e daralle traslado da información recibida á Consellería do Medio Rural.

Sobre a realización de accións formativas e informativas, os cursos irán dirixidos tanto a produtores agrarios en activo (con orientación comercial) como a persoas que pretendan iniciar unha actividade agraria, en especial persoas mozas. Tamén, a desempregados na busca dunha incorporación ao mercado laboral por conta allea en empresas do sector primario e a propietarios de terreos que teñan intención de xestionar en conxunto a súa propiedade. A tipoloxía das accións formativas abrangue desde os cursos de formación e

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

capacitación ata os seminarios temáticos, pasando por talleres prácticos e conferencias sobre asuntos como a plantación e os enxertos, o seu manexo (poda e condución da planta, fertilización, mantemento do solo e rega), control de pragas e enfermidades, comercialización ou elementos de análise económica sobre a rendibilidade da produción, entre outros.

### **Boa gobernanza**

En relación coa boa gobernanza, entre outras liñas, traballarase no fomento da inclusión de soutos ou masas de frondosas autóctonas de interese no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas e no impulso á súa xestión conxunta. Farase mediante a posta en marcha dos instrumentos recollidos na Lei de recuperación da terra agraria, facilitando información e asesoramento ao persoal interesado e, de ser o caso, axudando a completar a información e compromisos necesarios para a súa inclusión no Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta. Ademais, tamén se traballará para identificar e cartografar os soutos tradicionais, tanto produtores como en situación de abandono, de superficie igual ou superior a 5 hectáreas nas provincias de Lugo e Ourense.

A respecto da organización dun foro participativo, os obxectivos desta iniciativa son o fomento da participación colectiva, o intercambio de información e o establecemento de canles de comunicación. Por último, sobre o apoio ao Proxecto tecnolóxico para a valorización das masas de frondosas caducifolias, prestarase colaboración ao CIS Madeira –dependente de Medio Rural– no desenvolvemento desta iniciativa. Así, o Centro de Riós facilitará apoio na selección de parcelas de experimentación, na realización de inventarios en monte, iniciais e de seguimento e na planificación dos traballos de corta, definición de tecnoloxía que se vai empregar e sistema de traballo. Así mesmo, tamén no control dos rendementos de operación, no inventario final da masa e análise de danos e na clasificación por calidade dos produtos obtidos, para a realización de probas de industrialización.

### **Mellora do castiñeiro**

A potenciación deste Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós redundará nunha mellora xeral da xestión e do aproveitamento dos soutos de castiñeiros, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense, nas cales se sitúa a maior parte das masas desta especie. Polo tanto, beneficiará os titulares destes terreos forestais e, por extensión, repercutirá nun aumento, en calidade e cantidade, dos aproveitamentos dos castiñeiros, tanto para froito como para madeira. Ademais, este Centro de Riós está situado nunha área de montaña na cal ten especial importancia o cultivo do castiñeiro, que proporciona rendas periódicas aos produtores locais.

Neste sentido, a Xunta aposta decididamente polo desenvolvemento das zonas cun gran potencial forestal e agrícola, e xera novas oportunidades de emprego e riqueza a través,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

neste caso, da xestión activa dos soutos e bosques de frondosas autóctonas, sobre todo en zonas como as de alta montaña, cunha poboación envellecida. Así, a achega económica da Consellería do Medio Rural ao abeiro deste convenio ten un carácter de interese público e económico, vital para garantir o futuro do medio rural e promover a remuda xeracional. Ademais, cómpre sinalar que este convenio dá continuidade á colaboración mantida nos últimos anos entre a Xunta de Galicia e o Concello de Riós para financiar os traballos realizados no devandito Centro de Desenvolvemento Agroforestal desta localidade ourensá.

O acordo enmárcase, ademais, no establecido pola primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 «Cara á neutralidade carbónica», polas modificacións da Lei de montes de Galicia e pola entrada en vigor da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Todo isto conforma un novo marco legal que posibilita a xestión activa dos soutos e das masas de frondosas autóctonas e que precisa dun forte impulso especializado para a súa implantación no territorio.

Ademais, o Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña inclúe o reforzo do labor realizado polo Centro de Desenvolvemento Agroforestal para avanzar cara á caracterización e tipificación dos soutos da montaña que permitan mellorar a súa xenética, investigar as enfermidades do castiñeiro e as pragas que o atacan.

Nesta liña cómpre destacar tamén as axudas para o fomento de plantación de castiñeiros e recuperación de soutos tradicionais, convocadas neste ano 2023. Enmárcanse no devandito Programa estratéxico do castiñeiro, que se engloba, pola súa vez, dentro do Plan forestal de Galicia. Deste xeito, o orzamento total para esta convocatoria supera os 3,5 millóns de euros, que se repartirán entre os anos 2023 e 2024 e que se distribuirán en dúas liñas de actuación. A primeira refírese ao fomento de plantación de castiñeiro para froito, atendendo tanto ao relativo aos gastos de plantación forestal como ao tratamento da vexetación preexistente. Mentres tanto, a segunda liña destinarase a todo aquilo relacionado coa rexeneración e/ou mellora de soutos tradicionais de castiñeiros, ademais de coas actuacións silvícolas ou as rozas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CONVOCA PRETO DE 200 PRAZAS DE EMPREGO PÚBLICO NA ADMINISTRACIÓN GALEGA**

- Destaca que se trata de “148 prazas de acceso libre e 47 de promoción interna” que se publicarán no DOG “nos vindeiros días”
- Resalta que estas convocatorias incluírán 130 prazas na escala técnica de orientación laboral (A2); 20 de condutores; 16 para sistemas de información ou dez para letrados
- Anuncia que o Goberno aprobou tamén o calendario coas datas dos segundos exercicios correspondentes aos procesos desenvolvidos en xuño e aos que se realizarán en xullo
- “Todos serán entre o 20 de setembro e o 19 de novembro”, explica

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta vai “vai convocar 195 prazas de emprego público na Administración autonómica” que se publicarán nos vindeiros días no Diario Oficial de Galicia tal e como se desprende do informe presentado hoxe no Consello polo conselleiro de Facenda e Administración Pública sobre procesos selectivos.

En concreto, tal e como explicou Rueda, “a maioría das prazas, 148, serán de acceso libre e outras 47 de promoción interna”. As prazas se distribúen da seguinte maneira: 130 prazas na escala técnica de orientación laboral (A2); 20 na escala técnica de conducción (C1); 16 prazas na escala de sistemas e tecnoloxía da información (A1); 10 na escala de letrados (A1); sete prazas na escala de inspección turística; seis na escala superior de orientación laboral (A1) e outras seis prazas na escala superior de estatísticos.

#### **Publicación do calendario para os segundos exercicios**

Por outra banda, Rueda adiantou que o Consello deu hoxe o visto e prace “as datas para o segundo exame de 28 procesos selectivos que están en marcha”. En concreto, dos que se desenvolveron ao longo de todo este mes, e tamén das oposicións que se realizarán no mes de xullo. “Todos eles celebraranse entre o 20 de setembro e o 19 de novembro”, indicou.

En canto aos realizados no mes de xuño, publícase a data do segundo exercicio para: enxeñaría industrial (A1 libre e estabilización); arqueólogos (A1); enxeñaría de minas (A1); escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de bibliotecas (A2); arquitectos (A1 libre e estabilización); escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de museos; arquitectos técnicos (A1 libre e estabilización); escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade museos (A2); química (A1 libre e estabilización); escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de arquivos; xestión de sistemas de informática (A2); facultativo de grao medio, escala de enxeñeiros técnicos, especialidade enxeñaría técnica minas; escala de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade arquivos (A2); enxeñaría técnica industrial (A1 libre e estabilización); escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de bibliotecas (A1); enxeñaría técnica de obras públicas (A2); e escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de bibliotecas (promoción interna).

En canto aos procesos que se desenvolverán en xullo, fanse públicas as datas do segundo exercicio para o corpo superior A1; corpo xestión A2; corpo administrativo C1; corpo auxiliar C2; a escala técnica de finanzas (A2) e a escala técnica auxiliar de informática (C1).

### **Execución de procesos en xuño e xullo**

A Xunta publicou o pasado mes de maio o calendario coas datas de exame (primeiro exercicio) para 94 oposicións para desenvolver entre xuño de 2023 e febreiro de 2024 co obxectivo de que os aspirantes poidan planificar a súa preparación, achegar maior seguridade aos opositores e facilitar unha resolución áxil dos procesos selectivos.

Ao longo do mes de xuño leváronse a cabo 24 procesos selectivos, nos cales participaron un total de 1.000 aspirantes para 218 prazas. A participación xirou en torno ao 50 % e os exames tiveron lugar na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e na Facultade de Dereito da USC.

Por outra banda, esta fin de semana darán comezo no recinto feiral de Silleda os procesos con maior volume de aspirantes. É o caso do corpo superior A1 e o corpo auxiliar C2 (ambos os dous o 1 de xullo); o corpo de xestión A2 e o corpo administrativo C1 (2 de xullo); auxiliar de clínica e auxiliar coidador (8 de xullo) e a agrupación profesional de persoal subalterno (AP) o vindeiro 9 de xullo.

Tamén se realizarán en xullo na Facultade de Dereito os exames para a escala técnica de finanzas (A2) e para a escala técnica auxiliar de informática (C1).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA CONSOLIDA A DIXITALIZACIÓN XUDICIAL QUE INICIOU HAI MÁIS DUNHA DÉCADA**

- O 73 % das salas de vistas xa son integramente dixitais e este ano acadarase o 100 %
- En 2022 completouse o servizo de textualización de gravación de vistas e xa hai máis de 60.000 dispoñibles en formato texto
- O 100 % dos órganos xudiciais poden enviar e recibir expedientes administrativos en formato electrónico de 167 organismos de distintas administracións
- Púxose en marcha o sistema Acceda, que permite o envío de arquivos de gran volume que non poden ser remitidos a través do sistema Lexnet
- O pasado ano proporcionóuselles o acceso ao escritorio virtual a preto de 1.500 persoas usuarias, o que facilita o teletraballo ou o traballo en mobilidade
- Son actuacións enmarcadas no III Plan Senda 2025, que conta cun investimento de máis de 43 millóns de euros, un 68 % máis que o orzamento dos dous plans anteriores que impulsaron a dixitalización da xustiza na última década en Galicia

O 73 % das salas de vistas xudiciais galegas son integramente dixitais e este ano acadarase o 100 %, polo que se cumpre un dos obxectivos do III Plan tecnolóxico da Administración de xustiza en Galicia, Senda 2025, co que se consolida o proceso de dixitalización da xustiza que a Xunta iniciou hai máis dunha década. Durante o último ano e no primeiro semestre de 2023 avanzouse noutras liñas do plan, como a implantación do servizo de textualización de gravación de vistas, que permitiu pasar a formato texto 60.700 audiencias, que están dispoñibles para os profesionais da eido xudicial a través do visor do expediente xudicial electrónico.

Neste período completouse, tamén, a implantación en todos órganos xudiciais da recepción electrónica de expedientes administrativos, que permitiron a xestión de máis de 10.000 documentos de 167 organismos de diferentes administracións, polo que se avanzou así na interoperabilidade.

Ademais, os profesionais do eido xudicial teñen á súa disposición un novo sistema, Acceda, que lles permite enviar arquivos de gran volume que non poden ser remitidos polo sistema Lexnet. Tamén, entre 2022 e 2023, se lles proporcionou o acceso ao escritorio virtual a preto de 1.500 persoas usuarias, o que facilita o teletraballo ou o traballo en mobilidade.

Son datos do Informe sobre a situación do Plan Senda 2025, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, no cal se recolle que desde 2022 e ata maio de 2023 se asinaron dixitalmente 6,1 millóns de documentos nos órganos xudiciais galegos, o que supón unha media superior aos 21.000 documentos asinados electronicamente ao día. Ademais, en 2023 o plan prevé implantar unha nova versión do sistema de gravación de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vistas eFidelius nas 200 salas de vistas galegas, nas cales se realiza unha media de 9.600 gravacións de vistas ao mes.

No ano 2022 a cidadanía presentou un total de 7.314 escritos a través da sede xudicial electrónica, o que supón un incremento do 63 % respecto ao 2021. Durante os primeiros cinco meses do 2023 presentáronse xa 5.786 escritos, é dicir, case o 80 % do presentado en todo o ano 2022, o que evidencia o continuo crecemento desde servizo. Por outra banda, o servizo de cita previa facilitou máis de 47.000 citas nos rexistros civís e máis de 1.500 citas nas oficinas de atención á vítima e á cidadanía.

### **Investimento de 43 millóns de euros ata 2025**

Todas estas actuacións enmárcanse no III Plan tecnolóxico da Administración de xustiza en Galicia, Senda 2025, que busca a consolidación dixital da xustiza, para facela máis próxima á cidadanía con capacidade para ofrecer uns servizos máis personalizados e adaptados ás súas necesidades.

O plan conta cun investimento de 43 millóns de euros en cinco anos (inclúen fondos propios, Feder e MRR), o que supón un incremento do 68 % respecto do investimento dos dous plans anteriores, Senda 2014 e Senda 2020, que mobilizaron 50 millóns de euros en dez anos para avanzar na dixitalización da xustiza galega.

Galicia iniciou hai máis dunha década un proceso de dixitalización da xustiza que supuxo o reforzo das infraestruturas tecnolóxicas no eido xudicial, a implantación dos sistemas de xestión procesual para xuíces, letrados, empregados públicos e fiscais, e de servizos como a sinatura dixital en todos os órganos xudiciais, e a posta marcha de todas as pezas do expediente xudicial electrónico, no cal xuíces, letrados e fiscais poden consultar en liña máis de 11 millóns de procedementos.

Galicia foi da primeiras comunidades en poñer en marcha a sede electrónica xudicial, que permite a descarga de vistas e o inicio de demandas en liña; implantou unha rede de videoconferencias de servizo a todos os órganos xudiciais; todas as salas de vistas contan cun sistema de gravación e 147 son integramente dixitais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PRORROGA A BONIFICACIÓN ADICIONAL DO 50 % NO TRANSPORTE PÚBLICO AUTONÓMICO ATA XANEIRO DE 2024

- O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e praxe á decisión de manter activos durante seis meses máis os descontos no transporte público que vén aplicando desde setembro de 2022
- Os descontos do 50 % seguirán a funcionar no transporte interurbano de competencia autonómica, no autobús urbano de Pontevedra e de Ferrol e no transporte de ría entre Vigo e os concellos de Cangas e Moaña
- O Goberno galego considera que esta medida permitiu bonificar máis de 15,5 millóns de viaxes en transporte público, preto do 80 % do total de percorridos
- Desde que comezou a aplicarse a bonificación adicional do 50 %, o número de usuarios do transporte público medrou un 28 % con respecto ao ano anterior
- Os maiores incrementos porcentuais no uso do transporte público producíronse nas provincias de Lugo e Ourense, cun 38 % e un 33 % máis, respectivamente
- De setembro a maio, o investimento público nas bonificacións do transporte público de Galicia superou os 23 millóns de euros
- Os descontos impulsaron o pagamento con tarxeta no autobús ata o 81 % no mes de maio e duplicaron a emisión de dispositivos
- O Goberno galego inviste cada ano máis de 90 M€ para blindar o Plan de transporte público de Galicia, que está a ofrecer máis e mellores servizos, unhas tarifas máis económicas e descontos que fomentan o seu uso

O Consello da Xunta acordou hoxe manter a bonificación adicional do 50 % no transporte público autonómico ata xaneiro de 2024; dálle así o visto e praxe á proposta de prorrogar, durante seis meses máis, os descontos que vén aplicando desde setembro de 2022. Dese xeito, a Xunta adopta o compromiso de seguir achegando o 20 % da bonificación total.

Esta bonificación do 50 % continuará a aplicarse no transporte interurbano de competencia autonómica, no autobús urbano de Pontevedra e de Ferrol –xa que os servizos se prestan con concesións da Xunta– e no transporte de ría entre Vigo e os concellos de Cangas e Moaña.

Ademais, este desconto seguirá a sumarse ás bonificacións que a Xunta ten activas no marco do Plan de transporte público de Galicia.

O Consello da Xunta avaliou tamén hoxe o balance da aplicación das bonificacións no transporte público autonómico desde a implantación do desconto adicional do 50 % no prezo do billete o mes de setembro do ano pasado.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta considera que, desde a posta en marcha en setembro de 2022 dese desconto adicional do 50 % e ata o pasado mes de maio, se bonificaron case 14 millóns de viaxes en transporte público, unha cifra que, previsiblemente, superará os 15,5 millóns de viaxes cando remate o mes de xuño.

Así, o balance dos nove meses desde a implantación da bonificación do 50 %, de setembro a maio, é que case o 78 % das viaxes en transporte público de competencia da Xunta recibiron descontos, grazas ao pagamento coas tarxetas de mobilidade de Galicia TMG e TMG Xente nova.

Ademais, as bonificacións activas impulsaron o uso do transporte público no conxunto de Galicia, que gañou un 28 % máis de viaxeiros entre setembro de 2022 e o pasado mes de maio fronte ao mesmo período do curso anterior. Esta recuperación da demanda aproxima o volume total de persoas usuarias ás cifras previas á pandemia da COVID-19, aínda que continúa un 13 % por debaixo.

En relación aos datos por provincias dos pasados nove meses, a da Coruña rexistrou o maior crecemento en número de viaxeiros, onde se desprazaron en transporte público preto de 2,4 millóns de usuarios máis que no mesmo período do curso anterior. Así e todo, os maiores incrementos porcentuais producíronse nas provincias de Lugo e Ourense, que rexistraron un crecemento do 38 % e do 33 %, respectivamente.

A aplicación das bonificacións activas no sistema de transporte público de Galicia supuxo un investimento público que superou os 23 millóns de euros de setembro de 2022 a maio. Do total, 21,3 millóns corresponden aos descontos por pagamento coas tarxetas TMG e TMG Xente Nova e 1,7 millóns de euros á aplicación da rebaixa nos bonos mensuais do autobús.

O Goberno galego anticipou durante este período cada 15 días as compensacións ás empresas concesionarias pola aplicación directa do desconto adicional do 50 % aos usuarios, aboando tanto os importes correspondentes á Comunidade Autónoma como as cantidades comprometidas polo Estado.

O conxunto das vantaxes tarifarias a que os usuarios acceden empregando as tarxetas de mobilidade de Galicia, especialmente desde a aplicación da bonificación adicional do 50 %, impulsaron o pagamento con estes dispositivos no autobús ata o 81 % do total das viaxes, fronte ao 55 % que supoñía o pagamento con tarxeta en agosto de 2022.

Segundo se desprende do informa avaliado hoxe polo Executivo autonómico, o desconto temporal nos prezos do transporte público acelerou tamén a emisión das tarxetas de mobilidade de Galicia, con máis de 51.000 novos dispositivos activados no último

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cuadrimestre de 2022 e unha media mensual de 10.600 novas tarxetas desde xaneiro de 2023, o dobre das que se viñan emitindo antes da entrada en vigor da bonificación adicional do 50 %.

### **Blindaxe do transporte público**

O Goberno galego ten intensificado nos últimos anos a aposta polo transporte público, cuxos servizos están blindados cun investimento autonómico de máis de 90 M€ ao ano.

A Xunta, a través do Plan de transporte público de Galicia, está a lle ofrecer á cidadanía máis e mellores servizos e cunhas tarifas máis económicas e descontos que favorecen o seu uso.

No marco deste plan, as bonificacións establecidas pola Xunta a través do emprego da tarxeta de mobilidade de Galicia, TMG, dá dereito a diversos descontos, que son acumulables entre eles.

En primeiro lugar, efectuar o pagamento coa tarxeta TMG supón un 10 % de desconto sobre a tarifa en efectivo. Engádese, ademais, a bonificación por recorrencia, cun desconto do 25 % para o volume de viaxes comprendido entre 21 e 40 e realizadas no mesmo mes natural, e dun 50 % a partir das 40 viaxes.

Por outra parte, a tarxeta Xente nova permítelles aos menores de 21 anos viaxar de forma gratuíta no transporte público interurbano, competencia da Xunta de Galicia, incluíndo de forma adicional o transporte de ría en Vigo e o tren de ancho métrico en Ferrol.

De forma complementaria existen outros descontos promovidos pola Xunta, como o bono mensual, con orixe e destino en calquera concello dentro da mesma concesión. Este bono permite realizar ata 50 viaxes ao mes cun 50 % de desconto e un prezo mínimo de 50 € en traxectos de ida e/ou volta entre paraxes de orixe e destino do mesmo municipio.

Tamén está activo o bono mensual de uso ilimitado para algunhas concesións con tráfico cara ou desde algunha das localidades con hospitais cabeceira dos distritos sanitarios, cun desconto do 75 % sobre o importe do billete en efectivo correspondente a 44 viaxes e un prezo mínimo de 50 €.

O cambio na forma de pagamento dos viaxeiros, co emprego maioritario das tarxetas, contribúe á próxima posta en marcha da Área de transporte de Galicia, que estenderá a toda a comunidade o sistema de descontos das áreas de transporte metropolitano, unha iniciativa que avanza na estratexia da Xunta de Galicia de fomento do uso do transporte público.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CONVOCA 8,77 M€ PARA FOMENTAR A AGRICULTURA DE PRECISIÓN E A ECONOMÍA CIRCULAR NO SECTOR AGRARIO

- O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe estas axudas, que se publicarán mañá no *Diario Oficial de Galicia* e coas cales se prevé acadar unhas 500 explotacións da comunidade
- Estas achegas derivan do Plan de recuperación, transformación e resiliencia promovido polo Goberno central e son resultado do instrumento de recuperación temporal habilitado pola Unión Europea para reducir as consecuencias da crise sanitaria pola COVID-19

A Consellería do Medio Rural convocará mañá, coa pertinente publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), unha nova liña de axudas para fomentar a agricultura de precisión e a economía circular no sector agrario, cun orzamento de 8,77 millóns de euros, cos cales se prevé acadar unhas 500 explotacións da comunidade.

Estas achegas están financiadas con fondos Next Generation que derivan do Plan de recuperación, transformación e resiliencia promovido polo Goberno central e son resultado do instrumento de recuperación temporal habilitado pola Unión Europea para reducir as consecuencias da crise sanitaria pola COVID-19.

Así, convocaranse en réxime de concorrencia competitiva e as posibles beneficiarias son, na maioría dos casos, as explotacións agrarias ou as súas entidades asociativas. Os investimentos que poden recibir subvención abranguerán fundamentalmente a obra civil, as instalacións e equipos fixos, a maquinaria e a dixitalización; as porcentaxes subvencionables variarán entre o 40 % e o 85 % do proxecto.

Concretamente, no caso das axudas para a xestión de esterco (con 2,2 millóns de euros) poderanse financiar investimentos nas explotacións gandeiras, como as fosas de xurro. O obxectivo é mellorar a xestión de xurros e esterco, fundamentalmente desde o punto de vista ambiental.

En relación coa agricultura de precisión (6,57 millóns de euros), apoiaranse investimentos en agricultura e gandaría de precisión e en tecnoloxías 4.0, como pode ser a adquisición de sementadoras ou de diversos programas informáticos, co obxectivo de mellorar a seguridade alimentaria, a rendibilidade económica e a sustentabilidade ambiental.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, cabe apuntar que existen outras partidas orzamentarias da Xunta á marxe das axudas Next Generation que permiten actuar a prol da eficiencia enerxética ou da economía circular, como as axudas para plans de mellora, incorporación de mozos e mozas e pequenas explotacións (38,8 millóns de euros este ano); as de maquinaria en común (7,8 millóns de euros) ou as de instalacións e equipamentos en réxime asociativo (4,2 millóns de euros).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

